

## ACTA DO PLENO ORDINARIO DA CORPORACIÓN, DO 26 DE NOVEMBRO DE 2015. PARTE DISPOSITIVA.

Na Casa do Concello de Silleda, ás once horas do día vinte e seis e novembro do ano dous mil quince, reúñese o Pleno da Corporación, en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

### ASISTENTES:

#### PRESIDENTE:

D. Manuel Cuíña Fernández, (PSdeG-PSOE)

#### CONCELLEIROS:

Dª. Ana Luís González Costa, (PSdeG-PSOE)  
D. Klaus Brey Montaña, (PSdeG-PSOE)  
D. Jesús Taboada Lázara, (PSdeG-PSOE)  
Dª. Mª del Pilar Peón Iglesias, (PSdeG-PSOE)  
Dª. Mª José Fernández Rodríguez, (PSdeG-PSOE)  
Dª. Aída Castro Caramés, (PSdeG-PSOE)  
D. José Luís Espiño Espantoso, (PP)  
D. Ignacio Marí Pardo, (PP)  
D. José Antonio Ramos Dobarro, (PP)  
Dª. Mª del Carmen Folla González, (PP)  
D. Matías Rodríguez da Torre, (BNG)  
Non asiste: Natalia Iglesias Mendez

#### INTERVENTOR:

D. Daniel Rodríguez

#### SECRETARIO XERAL:

D. Manuel Quintáns Queiruga, que fai constar que esta Acta se divide en 2 partes, a dispositiva, cos acordos, e a parte deliberativa, coas intervencións xunto cun Anexo co Prego de Recollida de Residuos Sólidos Urbanos.

Declárase polo Sr. Alcalde-Presidente aberta a sesión, con arranxo á seguinte orde do día:

### ORDE DO DÍA

#### A.- PARTE DISPOSITIVA

## **1º - ACTA/S DA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES, (Do 24-09-2015)**

Intervén o voceiro do PP, para facer un pequena aclaración na votación do punto 5 da acta, referente ó SAF. Onde pon que queda aprobada con 7 votos do PSOE, 5 do BNG, e 1 do PP, debería poñer 7 votos do PSOE, 5 do PP, e 1 do BNG.

## **2º.- ADXUDICACION DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR PARA PERSOAS DEPENDENTES E PRESTACIÓN BÁSICA DO CONCELLO DE SILLEDA.**

**INTERVENCIONS:** ..., no anexo.

Se transcribe de seguido a **PROPOSTA** da Mesa de Contratación:

“”

### **ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN Nº 3. APERTURA SOBRE “A”.**

*Reunidos na sala de xuntas da casa consistorial, o día 09/11/2015 ás 10,30 h. horas, os membros da mesa de contratación para a adxudicación do contrato de servizos do SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR PARA PERSOAS DEPENDENTES VALORADAS E PRESTACIÓN BÁSICA DO CONCELLO DE SILLEDA, segundo o expediente aprobado no Pleno Municipal do 24/09/2015, formada por D. Manuel Cuiña Fernández, que actuará como presidente; D. Manuel Quintáns Queiruga (secretario da corporación); Dª. Celia González Peteiro e Dna. Pilar Peón Iglesias, que actuarán como vogais, e D. Julio Méndez Castro, que actuará como secretario da mesa.*

*Asisten tamén Dna. Lorena Delgado Caeiro e D. Félix Camiña Blanco, representando á empresa SERVICIOS SOCIALES ULLA-SAR, S. L. e D. Esteban Feteira Carabelos, representando á empresa IDADES, S. L.*

*Interveñen D. Esteban Feteira Carabelos e D. Félix Camiña Blanco, quenes solicitan o detalle do informe emitido pola Técnica que valorou cada un dos proxectos presentados, donde se desglosen por apartados as puntuacións de cada un deles.*

*O presidente da mesa accede a esta solicitude e indica que a Técnica facilitará este informe coas puntuacións desglosadas por apartados, que constará na resolución definitiva.*

*Unha vez aclarado este punto, procédese á apertura do sobre “A” de cada unha das empresas licitadoras, donde se inclue a oferta económica.*

*A efectos de valoración, terase en conta o prezo/hora do día laborable exclusivamente – prezo ordinario- evaluándose do modo seguinte:*

*A proposición que oferte o prezo/hora mais baixo obterá a máxima puntuación (70 puntos). Por cada fracción centesimal, tomando como referencia a mellor oferta económica, restarase da puntuación máxima 0,50 puntos.*

*A apertura do sobre “A” dou como resultado as seguintes ofertas ás que se lle outorgan as puntuacións que se indican:*

EMPRESA	EUR/HORA	PUNTUACIÓN
SERINTER	10,96	70
FORSERGE, S. L.	11,20	58
IDADES, S. L.	11,40	48
PEDROSO Y ROJAS, S. L.	11,45	45,5
ACHEGA ATENCIÓN DOMICILIARIA, S. L.	11,50	43
ULLA SAR, S. L.	11,58	39
CRONO SERVICIOS SOCIALES, S. L.	11,65	35,5

Despois da valoración dos criterios cuxa ponderación depende dun xuízo de valor (sobre «B») e dos criterios cuxa cuantificación é automática (sobre «A»), obtívérонse os seguintes resultados globais, ordeados de maior a menor puntuación:

EMPRESA	PUNTUACIÓN		
	SOBRE B	SOBRE A	TOTAL
SERINTER	24	70	94
FORSERGE, S. L.	20	58	78
PEDROSO Y ROJAS, S. L.	30	45,5	75,5
IDADES, S. L.	25	48	73
ACHEGA ATENCIÓN DOMICILIARIA, S. L.	28	43	71
ULLA SAR, S. L.	27	39	66
CRONO SERVICIOS SOCIALES, S. L.	28	35,5	63,5

Polo tanto, a mesa APROBA a clasificación das ofertas na orde que se sinala e proponlle ao órgano de contratación que se adxudique o servizo a **SERINTER**, que obtivo a puntuación mais alta.

	EMPRESA	TOTAL
1	<b>SERINTER</b>	<b>94</b>
2	<i>FORSERGE, S. L.</i>	78
3	<i>PEDROSO Y ROJAS, S. L.</i>	75,5
4	<i>IDADES, S. L.</i>	73
5	<i>ACHEGA ATENCIÓN DOMICILIARIA, S. L.</i>	71
6	<i>ULLA SAR, S. L.</i>	66
7	<i>CRONO SERVICIOS SOCIALES, S. L.</i>	63,5

O presidente da por rematada a reunión ás 11,20 horas e, para que quede constancia do tratado, eu, o secretario, redacto a acta, que someto á sinatura do presidente e dos vogais, e dou fe. Silleda, 9 de novembro de 2015

A mesa de contratación,

O Presidente

Manuel Cuiña Fernández

O Secretario

Julio Méndez Castro

Vogais:

Manuel Quintáns Queiruga

Celia González Peteiro

Pilar Peón Iglesias.

---

#### ANEXO A ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN N° 3. APERTURA SOBRE “A”.

M<sup>a</sup> CELIA GONZALEZ PETEIRO : Asistente Social titular de este ayuntamiento.

Emito a petición de D. Esteban Feteira Caeiro y D. Félix Caamaño Blanco, representantes de las empresas SERVICIOS SOCIALES ULLA – SAR, S.L. y IDADES, S.-L. respectivamente. Y ratificado por el presidente de la mesa que accede a la solicitud de los mismos que se facilite el informe técnico con el desglose por apartados de puntuación.

- FORSERGE, S. L.
- GESTIÓN
  - Protocolo de inicio..... 0
  - Protocolo de seguimiento ..... 0
  - Protocolo de evaluación del servicio ..... 0
- COORDINACIÓN

Sistema de información y coordinación interno de la empresa..... 2  
 Sistema de información y coordinación empresa-usuario ..... 3

- **CALIDAD**
  - Programa informatico ..... 3
  - Sistema de gestión..... 3
  - Sistema de reclamaciones y sugerencias..... 3
  - Protocolo de actuación..... 3
- **FORMACIÓN**
  - Plan de formación..... 3

**TOTAL..... 20 Ptos.**

#### **SERINTER**

- **GESTIÓN**
  - Protocolo de inicio..... 0
  - Protocolo de seguimiento ..... 0
  - Protocolo de evaluación del servicio ..... 3
- **COORDINACIÓN**
  - Sistema de información y coordinación interno de la empresa..... 3
  - Sistema de información y coordinación empresa-usuario ..... 3
- **CALIDAD**
  - Programa informatico ..... 3
  - Sistema de gestión..... 3
  - Sistema de reclamaciones y sugerencias..... 3
  - Protocolo de actuación..... 3
- **FORMACIÓN**
  - Plan de formación..... 3

**TOTAL..... 24 Ptos.**

#### **IDADES, S.L.**

- **GESTIÓN**
  - Protocolo de inicio..... 0
  - Protocolo de seguimiento ..... 2
  - Protocolo de evaluación del servicio ..... 2
- **COORDINACIÓN**
  - Sistema de información y coordinación interno de la empresa..... 3
  - Sistema de información y coordinación empresa-usuario ..... 3
- **CALIDAD**
  - Programa informatico ..... 3
  - Sistema de gestión..... 3
  - Sistema de reclamaciones y sugerencias..... 3
  - Protocolo de actuación..... 3
- **FORMACIÓN**
  - Plan de formación..... 3

**TOTAL..... 25 Ptos.**

#### **ULLA SAR, S.L.**

- **GESTIÓN**
  - Protocolo de inicio..... 0
  - Protocolo de seguimiento ..... 3
  - Protocolo de evaluación del servicio ..... 3

• COORDINACIÓN	
Sistema de información y coordinación interno de la empresa.....	3
Sistema de información y coordinación empresa-usuario .....	3
• CALIDAD	
Programa informatico .....	3
Sistema de gestión.....	3
Sistema de reclamaciones y sugerencias.....	3
Protocolo de actuación.....	3
• FORMACIÓN	
Plan de formación.....	3

**TOTAL..... 27 Ptos.**

**CRONO Ss.Ss., S. L.**

• GESTIÓN	
Protocolo de inicio.....	2
Protocolo de seguimiento .....	3
Protocolo de evaluación del servicio .....	2
• COORDINACIÓN	
Sistema de información y coordinación interno de la empresa.....	3
Sistema de información y coordinación empresa-usuario .....	3
• CALIDAD	
Programa informatico .....	3
Sistema de gestión.....	3
Sistema de reclamaciones y sugerencias.....	3
Protocolo de actuación.....	3
• FORMACIÓN	
Plan de formación.....	3

**TOTAL..... 28 Ptos.**

**ACHEGA ATENCIÓN DOMICILIARIA, S.L.**

• GESTIÓN	
Protocolo de inicio.....	2
Protocolo de seguimiento .....	2
Protocolo de evaluación del servicio .....	3
• COORDINACIÓN	
Sistema de información y coordinación interno de la empresa.....	3
Sistema de información y coordinación empresa-usuario .....	3
• CALIDAD	
Programa informatico .....	3
Sistema de gestión.....	3
Sistema de reclamaciones y sugerencias.....	3
Protocolo de actuación.....	3
• FORMACIÓN	
Plan de formación.....	3

**TOTAL..... 28 Ptos.**

**PEDROSO Y ROJAS, S.L.**

- GESTIÓN
    - Protocolo de inicio..... 3
    - Protocolo de seguimiento ..... 3
    - Protocolo de evaluación del servicio..... 3
  - COORDINACIÓN
    - Sistema de información y coordinación interno de la empresa..... 3
    - Sistema de información y coordinación empresa-usuario ..... 3
  - CALIDAD
    - Programa informatico ..... 3
    - Sistema de gestión..... 3
    - Sistema de reclamaciones y sugerencias..... 3
    - Protocolo de actuación..... 3
  - FORMACIÓN
    - Plan de formación..... 3
- TOTAL..... 30 Ptos.

**Visto** canto antecede, o Pleno, por mayoría de 12 votos a favor (PSOE e PP) e 1 en contra (BNG),

#### RESOLVE

**Primeiro.-** Adxudicar o contrato de **SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR** a empresa **SERVICIOS INFANCIA E TERCEIRA IDADE (SERINTER S.L.)**, de acordo coa súa oferta económica e complementaria, polo prazo de CATRO ANOS.

<b>SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR</b>  <b>SERINTER S.L.</b>	<b>Prezo adxudicación : 10,96 €/HORA</b>  (Ordinario na modalidade de prestación básica e dependencia)
---	--

O prezo de adxudicación é de **10,96 €/HORA**, IVE excluído, na modalidade de prestación básica e dependencia. o prezo extraordinario segundo o previsto no Pregotipo de cláusulas administrativas e particulares que rexen a contratación e de acordo coa oferta económica presentada.

**Segundo.-** Requirir ao adxudicatario para que presente certificación de estar o corrente das obligas tributarias e coa Seguridade Social, previamente a formalización en documento administrativo do contrato no prazo máximo de quince días hábiles contados desde o seguinte ao de recepción da notificación desta resolución, segundo o disposto €) o art. 140 LCSP.

**Terceiro.-** Notificar este acordo aos licitadores e dispor a súa publicación no perfil do contratante e no diario oficial que proceda.

## VOTACIÓN

Sometese a votación a PROPOSTA, co seguinte resultado: 11 votos a favor, (7 do PSOE + 4 do PP), 1 voto en contra, (BNG).

-----  
**3º.- APROBACION DO PREGO DE CLAÚSULAS ADMINISTRATIVAS E CONVOCATORIA DA LICITACION PARA CONTRATAR, POR PROCEDIMENTO ABERTO, CON TRAMITACIÓN ORDINARIA E CON VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, O SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SOLIDOS URBANOS.**

**INTERVENCIONS:** ..., no anexo.

...., ...

Sometida a votación, por 7 votos a favor do PSOE , 1 abstención do BNG- e 4 en contra, se acorda:

- APROBAR O PREGO DE CLAÚSULAS ADMINISTRATIVAS E CONVOCATORIA DA LICITACION PARA CONTRATAR, POR PROCEDIMENTO ABERTO, CON TRAMITACIÓN ORDINARIA E CON VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, O SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SOLIDOS URBANOS.

-----  
**4º.- APROBACION DO ORZAMENTO XERAL PARA O 2016.**

**INTERVENCIONS:** ..., no anexo.

...., ...

Sometida a votación, por 8 votos a favor -7 do PSOE e 1 do BNG- e 4 abstencíons, se acorda:

- APROBAR O ORZAMENTO XERAL PARA O 2016 por importe de SEIS MILLONS NOVECENTOS SESENTA E TRES MIL CENTO SESENTA E NOVE CON VINTEDOUS euros (6.963.169,22 €), e SEIS MILLONS NOVECENTOS SESENTA E TRES MIL CENTO SESENTA E NOVE CON VINTEDOUS EUROS en gastos, de acordo cos datos e informes que constan no expediente..

**1.- Distribución por Capítulos.**

INGRESOS			GASTOS
Capítulo 1	1.788.183,98	Capítulo 1	2.015.015,32
Capítulo 2	60.000,00	Capítulo 2	2.984.115,80
Capítulo 3	1.484.360,61	Capítulo 3	65.000,00
Capítulo 4	2.764.827,78	Capítulo 4	166.592,40
Capítulo 5	300,00	Capítulo 5	80.000,00
Capítulo 6		Capítulo 6	1.416.000,00
Capítulo 7	861.496,85	Capítulo 7	
Capítulo 8	4.000,00	Capítulo 8	12.000,00
Capítulo 9		Capítulo 9	224.445,70
<b>TOTAL</b>	<b>6.963.169,22</b>	<b>TOTAL</b>	<b>6.963.169,22</b>

**2.- CADRO DE PERSOAL 2016.**

**1.- POSTOS DE TRABALLO RESERVADOS A FUNCIONARIOS DE CARREIRA**

DENOMINACIÓN	NÚMERO	VACANTES	GRUPO
<b>1.- HABILITACIÓN DE CARÁCTER ESTATAL</b>			
1.1. Secretario	1	0	A1
1.2 Interventor	1	0	A1
<b>2.- ESCALA DE ADMÓN. XERAL</b>			
Administrativos	2	1	C1
Auxiliares Administrativos	4	1	C2
<b>3.- ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL</b>			
Aparellador	1	0	A2
Inspector Policía Local	1	0	A2
Oficial Policía Local	1	1	C!
Policía Local	8	2	C1
Oficial	2	0	C2
Operario	1	1	E

**2.- POSTOS DE TRABALLO SUXEITOS A LEXISLACIÓN LABORAL 2016.**

**B.1.- PERSOAL LABORAL FIJO:**

DENOMINACIÓN	NÚMERO	POSTO	VACANTE
Técnico Medio	1	Laboral Fijo	
Administrativo	1	Laboral Fijo	

**B.2.- PERSOAL LABORAL TEMPORAL:**

Psicólogo	2	
Técnico Superior	2	
Técnico Medio		5Administrativo
2		
Auxiliar Administrativo	8	1
Oficial 1º	5	
Subalterno	5	
Peóns	20	
Conductor	1	
Encargado	2	
Entrenador	1	
Conserxe	3	
Abogado	1	
Técnico en Protección Civil	1	

**B.3.- PERSOAL EVENTUAL:**

Xefe de Prensa e Protocolo	1
----------------------------	---

5º.- DESESTIMACION DO RECURSO DE REPOSICION CONTRA O REQUERIMENTO DE PAGO en dous apartados. Previa a providencia de apremo en vía executiva polos anos 2005/2007 e liquidación ordinaria polo período 2008/2011 a empresa EXPLOTACION MINERA DE CAMPOMARZO SL, en concepto de canon municipal pola explotación dun vertedoiro para escombro de construcción e demolición, en terreos municipais, segundo contrato subscrito entre a empresa - adxudicataria do servizo público- e o Concello en data 23 de Maio de 2002 ( 228.804,18 € polos anos 2005,2006,2007 e 297.955,63 € por 2008,2009,2010,2011, un total de 526.759,81 €).

Con data de rexistro municipal de 17 Agosto 2015, reg. entrada 3828, Angel Fernandez Presas, en representación de CAMPOMARZO S.A. formulou RECURSO de REPOSICION contra o acordo citado no encabezamento alegando, en síntese, que o derito de cobro por parte municipal estaba prescrito polo transcurso dos 4 anos da LXT.

**ANTECEDENTES.- Vía executiva, acordo plenario.** Sinalamos que na sesión ordinaria do Pleno da Corporación celebrada o día vinte e catro (24) de Setembro de 2015, por unanimidade dos 13 concelleiros que componen a Corporación -7 do PSOE, 5 do PP e 1 do BNG, acordouse a ratificación do acordo previo da Xunta de Goberno Local de 7 de Xullo de 2015, reclamando a **EXPLOTACION MINERA DE CAMPOMARZO SA** en vía executiva **228.804,18 €** (polos anos 2005,2006,2007) e **297.955,63 €** (por 2008,2009,2010,2011), un total de **526.759,81 €**, en concepto de canon municipal impagado pola explotación dun vertedoiro para escombro de construcción xestionado por Campomarzo.

Sobre estes antecedentes procede o análise das alegacións de prescripción do recorrente, segundo segue:

## EXPOSICIÓN

**1. Contrato administrativo de servicio. Aplicación do período de prescripción.** En data 23 de Maio de 2002 asinouse o contrato administrativo entre o Alcalde de Silleda e **Angel Fernandez Presas**, en representación de CAMPOMARZO, coma adxudicataria do concurso convocado polo Concello (18-II-2001, BOP), no que se adxudicou a xestión do servizo público da explotación dun vertedoiro para escombro de construcción e demolición, en terreos de titularidade privada da propia empresa e previamente arrendados ao Concello en data 3 de Abril de 2001, e cos prezos e condicións sinaladas no mesmo, entre eles que a duración sería “*pola vida útil do vertedoiro*”.

**Natureza pública ou privada.** O canon de explotación se corresponde cun contrato administrativo de xestión dun servicio, polo que non ten natureza pública e por tanto non está sometido en canto a recadación as prescricions da LXT e Regulamento de Recadación que determina en catro anos o período de prescripción.

Por outra banda, aínda na hipótese de que tivera natureza pública, se da a circunstancia de que o dereito da Administración para determinar a débeda tributaria mediante a oportuna liquidación non existe neste caso, xa que a Administración non pode actuar de oficio, senón que é imprescindible que a empresa efectúe a declaración das toneladas verquidas para poder liquidar o cargo. E nese sentido consta acreditado no expediente que a empresa non fixo a pertinente declaración, senón que tivo que reclamalo o Concello. De xeito moi expresivo e incontrovertible, por exemplo, as declaracions dos anos 2008, 2009,2010 e 2011 foron presentadas en data 17 de Decembro, rexistrado na Subdelegación do Goberno de Pontevedra de 22 Decembro 2014, en contestación ao requerimento previo municipal.

**2.- RECOÑECIMENTO EXPRESO DA DEBEDA DE CAMPOMARZO nunha reunión entre o Sr. Fernandez Presas e o Alcalde, o Secretario e o Interventor.**

**2.1.- Recoñecemento o 20 Xaneiro do 2015.** Non se trata dunha Acta calquera, senón un documento dun fedatario público, o Sr.Secretario do Concello, que ten outorgada a fe pública municipal, de acordo co art.<sup>º</sup> 2 do RD 1174/87, en relación 92 de L.R.B.R.L. -e correlativo do ROF- e DÁ 2º.punto 1 da Lei 7/2007 Estatuto Básico Empregado Público. Esa función da fe pública municipal, un Notario dentro do municipio, outórgalle ese plus específico da fe pública, un especial valor probatorio a ese documento.

Polo tanto a súa veracidade é incuestionable legalmente; e nela consta que:

1. Falaba en nome das 2 sociedades, mesturounas sen ningún xénero de dúbida.
2. CAMPOMARZO debía ao Concello 152.316,85 € en concepto de canon/taxas pola explotación do vertedoiro nos anos 2005/2006/2007
3. Que polos anos 2008, 2009 e 2010 o principal ascende a 217.206 +56.428 de intereses, un total de 263.634,00 € sería a débeda que mantén Campomarzo co Concello.

**2.2.- Ademais da fe pública, hai outras dúas testemuñas.** Ao anterior feito hase de engadir que o Secretario dá fe da presenza na reunión do Alcalde e Interventor que avalan o contido da acta. Innecesario recordar que se o Secretario dá fe dos acordos e o número de concelleiros que asisten a un pleno municipal, en igual medida o fai da asistencia a esa reunión. E permitímonos transcribir ese contido en canto á intervención e aseveracións do Sr. Presas pola súa transcendencia.

**Trascricpción da Acta en canto a intervención do Sr. Presas:**

*Sr. Angel Fernandez Presas: En relación con la contestación municipal al Juzgado nº 2 /Pontevedra de fecha 8 Octubre 2014 en el que se indicaba que INDEZA adeudaban al Ayuntamiento 152.316,85 € en concepto de canon/tasas por la explotación del vertedero en los años 2005/2006/2007, reconoce que es cierta pero recuerda, remitiéndose a las cifras que figuran en el Juzgado, que el Ayuntamiento les adeuda 300.000 € de intereses impagados, más los intereses generados por ese impago que según cálculo de su Letrado asciende a la cantidad de 196.688 € computados desde el 1-07-08 aplicando el 8% fijado en la ley de morosidad y si se calcularan al interés legal del dinero serían 68.965,60 € y mediante el interés de demora de la Administración supondrían 88.600,92 €.*

*Seguidamente recuerda los antecedentes y cifras originarias del caso, la demanda del 2006, la sentencia de 12-02-2007, nº 21, que fija la deuda en 454.091,98 de principal más 400.845,96 de intereses, total 854.937,94 €. Luego, mediante Convenio con la exAlcaldesa y se estableció una quita de 64.937,94 € y el plan de pagos siguiente:*

450.000 en Julio 2008

40.000 en Setiembre 2008

150.000 en Febrero 2009

150.000 en Febrero 2010

*Se cumplió el Convenio, continúa, en cuanto se pagó el 1-08-2008 454.019,99 € por transferencia al BBVA y el 30-12-08 otro pago de 35.908,01, lo que arroja un total de 490.000,00 €. Así, a 31-12-2008 quedaron pendientes dos pagos de 150.000, 300.000 en total, que más los intereses al principio citados, los 196.688 € si se aplica la ley de morosidad y una cantidad menor con las otras formas de calcular que antes citó, elevarían la deuda a casi 600.000 € y seguirá aumentando y esto no es bueno para el Ayuntamiento por el que es necesario cerrar ya el pleito.*

*Finalmente, a requerimiento del Sr. Alcalde y Secretario sobre la deuda que mantiene con el Ayuntamiento en concepto de canon, reitera que es correcta la cifra aludida de 152.316,85 € de los años 2005,2006 y 2007 y que según sus números, que tiene anotados por escrito y pasa a leerlos son: por los años 2008,2009 y 2010 el principal asciende a 217.206 + 56.428 de interés, un total de 263.634,00 € sería la deuda que mantiene Indeza con el Ayuntamiento, que, como se ve, señala que se compensaría con los intereses a favor de Indeza por cuantía casi igual, restando así una deuda de 300.000 € que espera poder concretar pronto un plan de pagos por parte municipal, sin necesidad de continuar con el pleito ante los Tribunales, si fuera posible y con carácter rápido, no en meses... Otra cosa serían los plazos... A instancias del Sr. Secretario se procede a repetir las cantidades que declara: 2008,2009 y 2010 el principal asciende a 217.206 + 56.428 de interés, un total de 263.634,00 € en concepto de canon por el vertedero que adeuda la empresa al Ayuntamiento y remata recordando el incendio del 2010, que le originó grandes perjuicios, que el seguro no se hizo cargo de los mismos y que incluso podría reclamar una parte de ellos al Ayuntamiento, aunque no lo ha hecho...*

**2.3.- Outras probas. O propio afectado recoñeceuno explicitamente na súa declaración xudicial.** Pero por se non fose suficiente o antedito o propio Sr. Fdez. Presas recoñeceuno aberta e explicitamente na súa declaración xudicial. E véxase o video da gravación para evitar repeticións innecesarias. A ela remitímonos. Só puxo a pega de que non a asinara, pero si admitiu concreta e textualmente que eran certas as cantidades citadas e que lle foron a repetido/preguntadas en tal declaración: "152.316,85 € dos anos 2005,2006 e 2007 e que segundo os seus números, que ten anotados por escrito e pasa a lelos son: polos anos 2008,2009 e 2010 o principal ascende a 217.206 +56.428 de interese, un total de 263.634,00".

Iso declarou, e 1º, dá fe o Secretario, 2º, aválano 3 testemuñas e 3º, ratifícao,  
en sede xudicial, o mesmo Sr. Presas. Unha declaración que consta gravada en vídeo,  
á que nos remitimos, e resaltando a súa transcendencia.

Igualmente na testifical da ex/Alcaldesa no momento da firma do Convenio de pagamento aprazado, como reconoce directamente o auto xudicial, esta sostén que entre ela e o Sr. Fernandez Presas existiu un acordo consistente en que Campomarzo aboaría a débeda pendente co Concello, permitíndolle a este compensar coa INDEZA. O seu pacto instrumentouse en que o SR. Fdez. Presas comprometeuse ao pagamento da débeda polo canon do vertedoiro (Campomarzo) para que á súa vez o Concello pagase os 2 prazos de 150.000 € a INDEZA. Así o pactaron e así admitiuno, neste caso implicitamente, o Sr. Presas, contestando a esa pregunta concreta cun ilustrativo "...pues, non o recordo", dito en ton tan dubitativo que, permítasenos asegurar, que soou a un claro reconocemento. Esa declaración o que está a decir é

que se houbo tal pacto, como sostivo inequivocamente a Sr.a Alcaldesa -e hase de sinalar que entre ambos os dous existe unha relación cordial, amigable, en virtude de que a Alcaldesa traballara co Sr. Presas en INDEZA-. De novo, reiteramos o visionado do vídeo da vista, para poder apreciar estes detalles que poden ser transcedentes ao caso. Debemos apuntar en tal sentido que o Sr. Fernández rompeu o pacto entre "cabaleiros", non pagou a débeda de Campomarzo, como el mesmo admite directamente no escrito rexistrado o 22 de Decembro, n.º 3685, que consta en autos

**3.- Reflexión sobre o recoñecemento expreso de débedas de Campomarzo co Concello: 152.316,85 € dos anos 2005,2006,2007 e 263.634,00 €, 2008/2009/2010 por parte de Angel Fernandez Presas, Xerente, en relación con INDEZA.** É dunha claridade meridiana que INDEZA e CAMPOMARZO son dúas sociedades distintas. Dito isto, apuntamos que a casuística da realidade é variada e estamos ante un caso especial e específico de dúas empresas que actúan como unha especie de "conglomerado empresarial" e, sobre todo, a proba testifical do 20 de Xaneiro introduce elementos probatorios moi sólidos para cuestionar ese principio base de dúas empresas distintas, dende a perspectiva dunha compensación de débedas. Así, tamén é evidente que o Xerente de ambas as dúas falou e negociou co Alcalde, ante a presenza do Secretario e Interventor, un posible acordo amigable, reunión na que actuou, sen xénero ningún de dúbidas, **recoñecendo a débeda que mantiña Campomarzo co Concello, 152.316,85 € dos anos 2005,2006,2007 e 263.634,00 €, 2008/2009/2010. Un total de 415.950,85 más o 2011**, pendente de liquidación. E fíxoo en nome das dúas empresas. O Sr. Fdez. Presas, anteriormente, pactou coa ex/Alcaldesa, tamén ex/traballadora da súa empresa, e con quen lle unía unha relación afectuosa, que os 300.000 € que debía o Concello a INDEZA se compensarían coas débedas en similar contía que tiña CAMPOMARZO polo non pagamento do canon do vertedoiro de residuos. Pacto que o Sr. Fdez. Presas incumpriu de xeito evidente.

E que, igualmente, a sociedade CAMPOMARZO, representado por Angel Fernández Presas efectuou a declaración das toneladas verquidas correspondentes aos anos 2008/2011, segundo escrito de data 17 de Decembro 2014, rexistrado na Subdelegación Goberno de Pontevedra, en contestación ao requerimento previo municipal, polos importes que se citan a continuación:

Ano	Toneladas	Canon Ayto.	Pagados	Pendente
2008	40.950,00	77.805,00		77.805,00
2009	48.882,00	92.876,37		92.876,37
2010	30.669,80	58.272,62		58.272,62
2011	36.316,65	69.001,64		69.001,64

<b>Subtotal</b>				<b>297.955,63</b>
-----------------	--	--	--	-------------------

- NOTA: declaración de Angel Fernandez Presas en representación de CAMPOMARZO: 2008, 40.950 Tm; 2009, 48.882,00 Tm; 2010, 30.669,80; 2011, 36.316,65 Tm. Se ha de precisar que esa declaración non foi efectuada anteriormente, polo que a data de cómputo é incuestionablemente a referida de 17 Decembro de 2014, día de rexistro na Subdelegación do Goberno.

A pesares do cal, o mesma persoa, interpón recurso de reposición (18 Agosto 2015) no que sostén que non ten débeda algunha por esos conceptos por prescripción. Ou sexa, primeiro o recoñece aberta e insistentemente diante de 3 testemuñas que ten esa débeda –“... 152.316,85 € de los años 2005,2006 y 2007 y que según sus números, que tiene anotados por escrito y pasa a leerlos son: por los años 2008,2009 y 2010 el principal asciende a 217.206 + 56.428 de interés, un total de 263.634,00 €...”, logo declara as toneladas e o canon que ten pendente de liquidación en data 17 de Decembro de 2014 e, a continuación, cando se lle reclama o pago das cantidades reclamadas, sen solución de continuidade, sostén que todo está prescrito, cando acababa de declarar a súa vixencia ante as tres testemuñas-Alcalde, Manuel Cuiña Fernandez, Secretario Manuel Quintans Queiruga e Intervento Daniel L. Rodriguez Espiño- e logo por escrito na declaración referida. Un monumento a “seriedade”, tal comportamento, e que fala por si só.

Claro que xa non é de estrañar si temos en conta que a mesma persoa/empresa se vai a ver favorecido con 200.000 € de intereses en base a que vulnerou o compromiso coa exAlcaldesa –por razón de amistade e profesional, xa que traballou anteriormente en Indeza- a que se compensaría a cantidade pendente coa correspondente a Campomarzo –véxase o recurso de apelación-. Un pacto verbal que incumpriu e que agora o Xulgado, en base a que non consta por escrito, obriga a que o Concello abone 200.000 € extras en concepto de intereses. Non respetou a palabra dada a súa extraballadora e exAlcaldesa, polo que, como mínimo a Alcaldía ten que elevar a súa queixa persoal.

E quen intentou defraudar, sen declarar as toneladas verquidas no vertedoiro, non pode verse beneficiado agora desa infracción, alegando prescripción, segundo un elemental principio xeral do dereito –ninguén pode ir contra os seus propios actos-, procede concluír esta reflexión, máxime co engadido do pacto verbal previo coa exAlcaldesa que incumpriu.

- O principio de que ningúén pode ir contra os seus propios actos, logo de sostener a existencia da débeda, interesando a súa compensación.

Procede aplicar aos feitos probados no expediente o principio de que ningúén pode ir contra os seus propios actos, de maneira que quen se expresou ou actuou nun determinado sentido, non pode posteriormente –xa en sede xudicial diante da demanda interposta- efectuar unha formulación contraria ou incongruente con aquel. É unha expresión singular do principio de boa fe, xa que non pode reputarse

benintencionado quen se contradí e pretende soster xusto o contrario ante os Tribunais do seu proceder previo antes de chegar a esa instancia, neste caso as reiterados probas anteditas. Tamén garda relación coa prohibición do abuso de dereito (art.6.2 Código Civil) xa que o dereito exercido por quen actúa de tal maneira ha de reputarse abusivo.

Esta doutrina dos actos propios xoga en dobre sentido, para o particular e para a Administración, como expresión da boa fe plasmada no art.1.3 da Lei 30/1992. Con todo, a posición da Administración é más resistente á forza vinculante dos actos propios, tendo en conta que unha actuación súa precedente non lle vinculará se está incursa en ilegalidade, xa que o principio de igualdade só xoga dentro da Lei.

Pero, á inversa, si é aplicable con forza vinculante para o particular, para o demandante, CAMPOMARZO S.A., que despois de admitir a existencia da débeda diante de 3 testemuñas e de declarar en Decembro do 2014 taxativa e directamente os importes correspondentes aos anos 2007 a 2011 agora recorre dicindo exactamente o contrario: que todo está prescrito.

#### **4.- VINCULACION DA DEBEDA DE CAMPOMARZO COA DE INDEZA.**

De cara aos vindeiros Orzamentos de 2016 o Concello establecerá unha vinculación entre a débeda a favor de 526.759,81 € de Campomarzo coa de 528.835,15 € de INDEZA en contra. De tal xeito que o ingreso de calquera cantidad de Campomarzo se adicará específica e directamente a pagar a INDEZA.

Transcripción do acordo para os Orzamentos do 2016 previsto:

**DISPOSICIÓN ADICIONAL.**Contabilización da débeda con Indeza e dos dereitos de cobro pendentes con Campomarzo.

No Pleno de 24-Setembro-2014 acordouse a reclamación en vía ejecutiva contra a empresa EXPLOTACION MINERA DE CAMPOMARZO SL, en concepto de canon municipal pola explotación dun vertedoiro para escombro de construcción e demolición dos anos 2005 a 2011, por importe de 526.759,81 €. A súa vez unha sentencia xudicial establece unha débeda do Concello con INDEZA por importe de 528.835,15 €, a cal, independemente de que se vincula contablemente coa de Campomarzo, está pendente da petición municipal de fraccionamento en 5 anualidades. En tanto se suscita este apartado e se procede aos trámites de embargo a Campomarzo, de xeito provisional, se opta pola solución contable seguinte:

- APPLICACIÓN CONTABLE: se computa a débeda de INDEZA en 4 anualidades (aínda que se pediron 5): 132.208,79 ( $528.835,15 : 4 = 132.208,79$ ) na partida de gastos, e, en correspondencia, pola vinculación que se establece entre as dúas, outra de 131.689,95 en ingresos ( $526.759,81 : 4 = 131.689,95$ ).

- *Reclamación do canon en vía executiva polos anos 2005/2007 e liquidación ordinaria polo período 2008/2011 a empresa EXPLOTACION MINERA DE CAMPOMARZO SL, NIF 35217805-K, en concepto de canon municipal pola explotación dun vertedoiro para escombro de construcción e demolición, en terreos arrendados polo Concello, segundo contrato subscrito*

*entre a empresa - adxudicataria do servizo público- e o Concello en data 23 de Maio de 2002 polo servizo de abastecemento de auga o concesionario,*

*Cos dereitos recoñecidos que supón ese canon, se creará unha partida de gasto coa "Débeda recoñecida xudicialmente a INDEZA" por importe de 528.835,15 € coa condición expresa de que queda vinculada a que se executen eses ingresos (Base Adicional das Bases Orzamentarias).*

*Base Adicional das Bases do Orzamento de 2016 (OPCION A)*

339.00	<i>Canon municipal pola explotación dun vertedoiro para escombro de construción</i>	526.759,81 €
920.226.99	<i>Débeda recoñecida xudicialmente a INDEZA</i>	528.835,15 €

*Base Adicional das Bases do Orzamento de 2016 (OPCION B)*

339.00	<i>Canon municipal pola explotación dun vertedoiro para escombro de construción</i>	131.689,95 €
920.226.99	<i>Débeda recoñecida xudicialmente a INDEZA</i>	132.208,79 €

Por tódolo exposto, tendo en conta en especial as disposicións da Lei Xeral Tributaria (Lei 58/2003), Regulamento de Recadación(RD939/2005), Lei de Facendas Locais (Real Decreto Lexislativo 2/2004), Lei RXePAC (Lei 30/92), así como as Bases do Orzamento vixente aplicables a este caso, por unanimidade dos 12 membros presentes dos 13 que componen a Corporación,

#### **SE ACORDA:**

- **DESESTIMAR** o **RECURSO DE REPOSICION** interposto por Angel Fernandez Presas, en representación de **EXPLOTACION MINERA DE CAMPOMARZO SL, NIF 35217805-K**, adxudicataria do servizo público da explotación dun vertedoiro para escombro de construcción e demolición, en terreos municipais, rexeitando os argumentos de prescripción alegados, co mantemento das cantidades e conceptos do acordo plenario de 24 de Setembro, que se repiten a continuación, sen prexuízo da aplicación do recargo de apremo e interese de demora que proceda legalmente polos anos 2008 a 2011.

Ano	Principal Pendente	Recargo de apremo 20 %	Interés de demora	TOTAL
2005	4.364,54	872,90	970,46	6.207,90
2006	26.869,70	5.373,94	9.281,09	41.524,73
2007	121.082,61	24.216,52	35.772,41	181.071,54
<b>TOTAL</b>	<b>152.316,85</b>	<b>30.463,37</b>	<b>46.023,96</b>	<b>228.804,18</b>

Ano	Principal Pendente
2008	77.805,00
2009	92.876,37
2010	58.272,62
2011	69.001,64
<b>TOTAL</b>	<b>297.955,63</b>

----- .. -----

**6º.- RATIFICACION DO ACORDO DA XGL DE 29-09-2015. SOLICITUDES (3) DE COMPATIBILIDADE PARA O EXERCICIO DE ACTIVIDADES PRIVADAS – AVOGACIA E ARTISTICAS- FORA DO HORARIO LABORAL DO CONCELLO.**

Se eleva ao Pleno os 3 acordos da Xunta de Goberno Local de 29 Setembro 2015 que se transcriben para a súa ratificación:

**3º.- SOLICITUDES (3) DE COMPATIBILIDADE PARA O EXERCICIO DE ACTIVIDADES PRIVADAS –AVOGACIA E ARTISTICAS- FORA DO HORARIO LABORAL DO CONCELLO.**

Dáse conta das tres comunicacións/solicitudes sobre recoñecemento de Compatibilidade, aprobadas pola Xunta de Goberno Local previamente, seguintes:

**INTERVENCIONS: ..., no anexo**

**3.1 .- Dáse conta das comunicación/solicitude sobre recoñecemento de compatibilidade para o exercicio da Avogacía fora do horario laboral de MANUEL QUINTANS QUEIRUGA, Habilitado Estatal, ocupando o posto de Secretario Xeral.**

Transcripción da solicitude de Manuel Quintans:

*MANUEL QUINTANS QUEIRUGA, D.N.I. nº 33.209.636, con domicilio en C/Díaz de Rábago nº 23.3º de Pobra do Caramiñal (Coruña), en mi condición de funcionario de Habilitación Nacional, nº registro MHAP 33.209.636/57/M/3015, actualmente ejerciendo como Interventor de SILLEDA, comparezco y EXPONGO:*

*- 1. Antecedentes. Entre los años 1989 y 2000 ejercí la Abogacía en exclusiva, en situación de excedencia voluntaria de la función pública. Entre los años 2000 a 2012 (28 Mayo), después de reincorporarme como Secretario municipal en Marzo del 2000, continúe dicha actividad con autorización de compatibilidad, simultaneando ambas – fuera del horario de funcionario- y continúo siendo Abogado en ejercicio a fecha de hoy, colegiado nº 928 Colegio Abogados de A Coruña .*

*- 2. Al iniciarse una nueva legislatura local después de las elecciones de 24 Mayo 2015, comunico mi intención de reiniciar mi actividad profesional de Abogado, que concretaré próximamente, a los efectos de interesar la autorización de compatibilidad, con la precisión de que no abriré “Despacho al público” de momento, ejerciendo únicamente a nivel privado.*

**SOLICITO:** tengan por manifestado lo antedicho, a los efectos legales procedentes.

*En Silleda a 21 de Julio de 2.015. As. Manuel Quintans Queiruga.*

Visto canto antecede, ao Pleno, por unanimidade,

#### **RESOLVE**

**1. APROBAR** a autorización de compatibilidade para o exercicio da Avogacía, sempre coa condición expresa de que sexa fora do horario laboral municipal, interesada por MANUEL QUINTANS QUEIRUGA, Habilitado Estatal, nº rexistro MHAP 33.209.636/57/M/3015, ocupando o posto de Secretario Xeral, en aplicación da Lei 53/87 de Incompatibilidades do Sector Público.

---

**3.2 .- Dáse conta da comunicación/solicitude sobre recoñecemento de compatibilidade para o exercicio da Avogacía fora do horario laboral de JUAN CARLOS PETEIRO RODRIGUEZ, actualmente Técnico Superior, en réxime laboral, adscrito a área de Secretaría/Plans outras Administracións/Contratación.**

Visto canto antecede, o Pleno, por unanimidade,

## RESOLVE

1. **APROBAR** a autorización de compatibilidade para o exercicio da Avogacía, sempre coa condición expresa de que sexa fora do horario laboral municipal, interesada por JUAN CARLOS PETEIRO RODRIGUEZ, actualmente Técnico Superior, en réxime laboral, adscrito a área de Secretaría/Plans outras Administracións/, en aplicación da Lei 53/87 de Incompatibilidades do Sector Público.
- 

3.3 .- Dáse conta da solicitude de compatibilidade para o exercicio de actividades artísticas –de pintura e escultura- de JOSE FONDEVILA GARCIA, funcionario de plantilla, que ocupa o posto de Oficial Electricista, co fin de poder desenvolver e participar en exposicións da súa obra artística que lle xurdan en distintas cidades, para o que necesita dispor dun tempo determinado, aínda que variable e impredecible.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1. **APROBAR** a autorización de compatibilidade para o exercicio de actividades artísticas –de pintura e escultura- de JOSE FONDEVILA GARCIA, funcionario de plantilla, que ocupa o posto de Oficial Electricista, co fin de poder desenvolver e participar en exposicións da súa obra artística que lle xorden en distintas cidades, para o que necesita dispor dun tempo determinado, aínda que variable e impredecible, que será comunicado previamente a Alcaldía, o cal procederá a súa autorización cando coincida con horario laboral, en base as circunstancias concorrentes de cada caso.
2. A proposta do Sr. Alcalde faise constar que, dado o nivel e categoría profesional acadado por JOSE FONDEVILA na súa faceta artística, compre destacar que non só se apoia expresamente, senón que pola súa traxectoria, xa moi consolidada a nivel galego e incluso nacional, esa actividade de realizar exposicións da súa obra merece un apartado destacado, no senso de facilitalo e tamén de agradecelo e impulsalo na medida das posibilidades municipais, en tanto difunde o nome de Silleda de xeito positivo, unha publicidade gratuita que merece ese recoñecemento. Un xeito de actividade cultural que se debe referendar, dito doutra maneira.

B .-P arte de control dos órganos de goberno.

7º.- MOCIONS DE URXENCIA. Se inclúen de seguido.

---

8º.- MOCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS.

INTERVENCIONES: ..., no anexo

**8.1 .- MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE, CONCELLEIRO ACREDITADO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO NO CONCELLO DE SILLEDA, PRESENTA AO PLENO A SEGUINTE MOCIÓN A PROL DA AMPLIACIÓN DA ACREDITACIÓN POR VIOLENCIA MACHISTA E DA CREACIÓN DO ESTATUTO DO FEMINICIDIO**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A violencia machista é un dos problemas más graves que ten que enfrentar a nosa sociedade. Nas últimas décadas, a violencia contra as mulleres ten deixado de ser un asunto invisíbel grazas ao constante e incansábel traballo dos movementos de mulleres.

A loita contra a violencia de xénero debe ser unha prioridade política para todos os espazos da actividade política e froito do traballo para que isto así sexa están vixentes a Lei Orgánica 1/2014, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero e Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamiento integral da violencia de xénero. Despois de anos de aplicación, insuficiente en moitos casos por limitación de recursos e orzamentos, a violencia machista segue presente na nosa sociedade. Por iso, cómpre avanzar e darmos pasos adiante que melloren os marcos legais e realizar un labor preventivo e educativo maior.

Ante a gravidade do problema consideramos fundamental a inclusión do Feminicidio como forma de terror propia que sufren as mulleres e que serva de base para a elaboración dun Estatuto de vítima de Feminicidio. Doutra banda, a resposta fundamentalmente penal diante deste problema tense demostrado como insuficiente, polo que é preciso avanzar no apoio económico, psicolóxico e social así como na prevención. Corresponde á Administración local, por ser a institución más próxima á veciñanza converterse nunha referencia para o combate deste problema e presionar para que se avance no recoñecemento das realidades de violencia machista e na súa prevención.

**Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal de SILLEDA a adopción do seguinte**

**ACORDO**

1. Instar á Xunta de Galiza a trasladar ao goberno do Estado a necesidade de modificar a Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, introducindo o termo Feminicidio e iniciar os traballos para desenvolver o Estatuto de Vítima de Feminicidio.

Introducir, así mesmo, na citada modificación a acreditación da situación de violencia machista, recollendo certificación da orde de protección ou da medida cautelar, ou documento acreditativo da propia orde de protección ou da medida cautelar; sentenza de calquera orde xurisdiccional que declare que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas nesta lei. Tamén a certificación ou informe dos servizos sanitarios e/ou sanitarios e certificación dos servizos de acollida da Xunta de Galiza ou do concello. Informe da Inspección de Traballo e da Seguridade Social e calquera outra que se estableza regulamentariamente.

Así mesmo, a iniciar os traballos para modificar da Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e tratamiento integral da violencia de xénero para incorporar a regulación do Feminicidio e o estatuto de protección das vítimas do feminicidio.

Finalmente, instar á Xunta de Galiza a mellorar os servizos de atención psicolóxica, información, inserción laboral recollidos na Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e tratamiento integral da violencia de xénero e garantir que o servizo 016 de atención as mulleres estará operativo e con medios reais durante todos os días do ano as 24 horas do día.

2. Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza e ao do Goberno do Estado.

Silleda. 9 de Outubro de 2015 Asdo. Matías Rodríguez da Torre

**VOTACION:** Se aproba a moción por unanimidade.

----- ..

**8.2 .- MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE SILLEDA, PARA IMPULSAR MEDIDAS QUE POIDAN LOGRAR UN ACORDO TRASANTLÁTICO PARA O COMERCIO E O INVESTIMENTO ENTRE A UNIÓN EUROPEA E OS EEUU (TTIP)**

De acordo co previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Régime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Silleda desexa someter á consideración do Pleno a seguinte Moción,

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A Unión Europea é a maior economía mundial e a primeira potencia comercial pero tamén é a zona económica onde maior foi o impacto da crise, con menor capacidade de crecemento e con maior aumento de risco de pobreza e desigualdade. As políticas de austericidio aplicadas, os problemas de gobernanza e a perda de competitividade, foron as principais causas. Para medrar e saír da crise hai que aplicar políticas que estimulen o crecemento. A política comercial é a principal política de impulso ao crecemento sen aumentar o gasto público.

En xuño de 2013 as autoridades da Unión Europea e de Estados Unidos iniciaron as negociacións para alcanzar un Acordo Comercial e de Investimentos (TIIP polas súas siglas en inglés), que daría lugar á maior área de libre comercio do mundo, xa que os intercambios entre ambas as partes representan máis do 40% do comercio mundial, cunha poboación de 820 millóns de persoas e unha economía equivalente ao 60% do PIB mundial. O obxectivo das negociacións é estimular o comercio e o investimento entre a UE e os EEUU eliminando barreiras arancelarias e non arancelarias, así como lograr o establecemento duns adecuados estándares de regulación que sirvan de referencia no comercio mundial.

Doutra banda, o TIIP tamén ten unha gran importancia xeopolítica. O recente cumio de Asia-Pacífico demostrou o liderado global de China que logrou o respaldo ao seu Plan para liberalizar o comercio en Asia. Europa e Estados Unidos non poden quedar atrás, necesitan recuperar o liderado no novo escenario mundial.

Desde que comenzaron as negociacións celebráronse dez roldas das que os Gobernos dos Estados Membros son puntual e debidamente informados. Con todo, a política informativa por parte do Goberno de España brilla pola súa ausencia a pesar de ser imprescindible para dar resposta ás lexitimas preocupacións cidadás. É necesario que os cidadáns en España coñezan a situación das negociacións e poder ter un debate serio e rigoroso sobre o impacto do TIIP.

Aínda queda moito por negociar e, por tanto, aínda non existe un Acordo. A posición definitiva debe fixarse cando se coñeza o texto e á vista do resultado das negociacións. Defendemos o proceso de negociación, pero en ningún caso aceptaremos un Acordo cos Estados Unidos que supoña un prexuízo para os intereses da ciudadanía europea e que supoña un paso atrás nos estándares europeos de protección ambiental, social e laboral que gozamos e que son innegociables. É necesario un Acordo Que regule adecuadamente as relacións económicas entre as dúas principais potencias do mundo sobre as bases do mantemento e mellora dos estándares de protección social, laboral e ambiental europeos e que poida servir de referencia no comercio mundial. Un Acordo que beneficie aos consumidores e abra novas oportunidades ás nosas empresas, en particular as PEMES.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Silleda presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal a seguinte **MOCIÓN**,

O Pleno do Concello de Silleda insta ao Goberno do Estado, no marco das negociacións para lograr un Acordo Transatlántico para o Comercio e o Investimento entre a UE e os EEUU(TTIP) a:

1. Defender a máxima transparencia e información en todo o proceso de negociacións, garantindo un debate capaz de dar resposta ás preocupacións cidadás, polo cal o Goberno deberá comparecer no Congreso despois de cada rolda de negociación para informar do estado das negociacións do TTIP.
2. Realizar, con carácter urgente, un estudo de impacto global e sectorial do TTIP no noso país, como se fixo noutros países europeos.
3. Que o Goberno garanta a total exclusión da negociación dos servizos públicos de interese xeral (como, a auga, a saúde e a educación), actuais e futuros e dos servizos de interese económico xeneral, independentemente de que se financien de maneira pública ou privada.
4. Garantir a ratificación e a implementación efectiva por parte dos Estados Unidos de todas as normas laborais esenciais da OIT (Oficina Internacional do Traballo) e que esos dereitos laborais prevalezan en todo o acordo, suxeitos a unha cláusula de resolución de controversias de carácter obligatorio, supervisada pola sociedade civil e os sindicatos.
5. Garantir que o sistema actual do ISDS (o mecanismo de resolución de litixios entre investidor e Estado, palas súas siglas en inglés) se substitúe por un novo sistema que estea suxeito a principios e supervisión democráticos, onde xuíces profesionais e independentes aborden os posibles casos de maneira transparente, en audiencias públicas, e que inclúa un mecanismo de apelación. Un sistema que garanta a consistencia das decisións xudiciais, respecte a xurisdición dos tribunais da Unión Europea e dos Estados membros e onde os intereses privados non poldan debilitar os obxectivos de política pública, acabando cos tribunais secretos e a participación de árbitros que deciden respecto da resolución de calquera litixio entre Estados e investidores.
6. Garantir que se inclúe unha cláusula específica sobre a protección dos datos persoais.

Outubro de 2015 Voceiro/a Grupo Municipal Socialista Ana Luisa González Costa

**VOTACION:** Se aproba a moción cos votos a favor do PSOE e PP. O voceiro do BNG non vota.

---

**8.3 .- Manuel Cuíña Fernández, Alcalde-Presidente do Concello de Silleda (Pontevedra), presenta ao Pleno da Corporación municipal de Silleda, para o seu debate e aprobación, se procede, a seguinte MOCIÓN DE ALCALDÍA relativa á AXUDA HUMANITARIA E PARA A RECONSTRUCCIÓN DOS CAMPAMENTOS DO SÁHARA OCCIDENTAL DEVASTADOS POLAS CHOIVAS TORRENCIAIS con base na seguinte**

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os pasados días 17, 18 e 19 de outubro, fortes e abundantes choivas causaron gravísimas inundacións que acabaron con milleiros de fogares, hospitais, escolas e outras entidades nos campamentos de refuxiados saharauis de Tinduf (Argelia). Segundo os primeiros datos de ACNUR, máis de 25.000 persoas están afectadas pola que é a día de hoxe a crise humanitaria máis grave que viven estes campamentos do Sáhara Occidental.

Dende a Coordinadora Estatal de Asociacións Solidarias co Sáhara, á que pertence Solidariedade Galega co Pobo Saharaui, coordinouse dende o primeiro momento xunto coa Media Luna Vermella Saharaui e outras institucións o envío de axuda humanitaria.

Mentres, as gravísimas consecuencias destas inundacións apenas saltaban aos medios de comunicación, silenciados pola presión de Marrocos e a irresponsabilidade do goberno do Estado español, que segue desentendéndose da situación do Sáhara, corenta anos despois da ocupación marroquí.

Dende distintas administracións galegas, caso do Concello de Silleda, vense colaborando con Solidariedade Galega co Pobo Saharaui, entidade que coordina na nosa comunidade as accións de apoio e axuda cos refuxiados de Tinduf, entre os que figurán milleiros de cidadáns con pasaporte español.

Para poder contar con produtos de primeira necesidade (auga potable, alimentos, mantas, tendas...) habilitouse un número de conta en colaboración coa Media Luna Saharaui.

A esta primeira axuda, ante a que se presenta como a crise humanitaria máis grave na historia do Sáhara Occidental, haberá que sumar despois a reconstrucción dos cinco campamentos afectados.

Por todo o exposto, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO:** amosar o apoio desta Corporación cos milleiros de refuxiados afectados polas choivas torrenciais do Sáhara, para os que xa se habilitou tamén unha axuda por valor por 1.000 euros para a compra de produtos de primeira necesidade.

**SEGUNDO:** continuar colaborando co colectivo Solidariedade Galega co Pobo Saharaui, coa organización de actividades con fins solidarios, entre outros.

**TERCEIRO:** instar ao goberno do Estado a que axude ao Sáhara Occidental ante esta grave crise, co envío urgente de axuda humanitaria, e a que asuma a súa responsabilidade histórica, política e moral sobre o Sáhara, logo de case 40 anos de abandono á súa sorte trala ocupación de Marrocos.

En Silleda, a 4 de novembro de 2015 O Alcalde. Manuel Cuiña Fernández

**VOTACION:** Se aproba a moción por unanimidade.

---

#### **8.4 .- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE SILLEDA EN APOIO Á MARCHA ESTATAL CONTRA AS VIOLENCIAS MACHISTAS**

De acordo co previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Régime Xurídico das Entidades Locais, o grupo municipal do PSdeG-PSOE desexa someter á consideración do Pleno da Corporación Municipal de Silleda a seguinte **MOCIÓN** que recolle a proposta da Plataforma feminista que se transcribe a continuación literalmente:

#### **PROPOSTA DE MOCIÓN AO PLENO DO CONCELLO CON MOTIVO DA MARCHA ESTATAL CONTRA AS VIOLENCIAS MACHISTAS DE 7 DE NOVEMBRO 2015**

O 7 de novembro de 2015 confluiremos en Madrid miles de persoas de todo o Estado, convocadas polo Movemento Feminista, para manifestarnos contra as violencias machistas.

Todas as persoas e entidades, especialmente as públicas, estamos emprazadas non só a manifestarnos e contribuír a esta acción cidadá, senón a reactivar e mellorar a prevención e a resposta á subsistencia da violencia machista evidenciada nos casos gravísimos deste verán, dez anos despois da Lei integral contra a violencia de xénero de 2004, das numerosas leis autonómicas e un ano despois da ratificación do Convenio de Istambul (BOE do 06.06.14), que se incumpren substancialmente en canto a prevención no

ámbito educativo, que só dan protección laboral ou económica ao 1% das 126.742 denunciantes, ou de vivenda, mentres medra a desigualdade que é o caldo de cultivo da violencia.

Os concellos, como institución más próxima, somos imprescindibles para a prevención e a atención social, xurídica e psicolóxica que establece o artigo 19 da lei estatal de 2004. Con todo, o artigo 27.3.c) da Lei de Régime Local reformado pola Lei 27/2013 di que os concellos só poderán prestar servizos sociais, de promoción da igualdade de oportunidades e de prevención da violencia contra a muller por delegación do Estado ou da Comunidade Autónoma financiada ao 100%, que en absoluto cobren os 6 millóns da partida 45 do programa 232C de Violencia de Xénero no Proxecto de Orzamentos do Estado 2016.

Por iso, este Concello ACORDA:

- Colocar o 7 de novembro de 2015 na fachada do Concello unha pancarta violeta coa lema «Contra as Violencias Machistas» e promover a participación cidadá na Marcha
- Facelo igualmente cada ano o 25 de novembro, Día internacional contra a violencia cara ás mulleres.
- Soster todos os días do ano, todos os anos, os recursos persoais, materiais e políticos para a igualdade e para a prevención e atención xurídica, social e sicolóxica ás vítimas de violencia machista, cumprindo o art. 19 da Lei Orgánica 1/2004, establecendo un sistema estable de financiamento estatal, autonómico e local a longo prazo.
- Atención estable e de calidade, en condicións de ampla accesibilidade, confidencialidade, protección e anonimato, que inclúa a rehabilitación, avaliación e seguimento, o que leva a xestión pública directa dos servizos para a igualdade e contra a violencia de xénero.
- Contribuir á promoción da igualdade e contra a violencia de xénero en todos os centros e en todas as etapas educativas, cooperando coa comunidade escolar.
- Sensibilización contra o sexismo na actividade cultural, de organización de festexos, de seguridade e convivencia e todas as actuacións e servizos de competencia municipal.
- A erradicación do sexismo, a segregación, o acoso e os estereotipos sexuais en todas as nosas actuacións e servizos.
- Atención especial ás mulleres con discriminación múltiple e outros colectivos agredidos pola violencia machista, como persoas con diversidade sexual, migrantes, con diversidade funcional, en situación de desemprego ou dependentes, e non incorrer na victimización múltiple nos procesos de atención.
- A participación da sociedade civil, en particular as organizacións de mulleres

Enviar este acordo á Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero, para que no seu seguimiento e Informes ao GREVIO para a aplicación do Convenio de Istambul que establece o seu artigo 68 inclúa, conforme aos artigos 7.3 e 18.2, as actuacións da administración local.  
Movemento Feminista, Setembro de 2015

O que se presenta para ao seu debate e aprobación en Pleno

Silleda, 6 de novembro de 2015 A voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE Asdo. Ana Luisa González Costa

VOTACION: Se aproba a moción por unanimidade.

---

#### 8.5 .- ÁS PROPOSTAS FISCAIS PAR AUNHA TRIBUTACIÓN XUSTA DOS EMIGRANTES RETORNADOS

De acordo co previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Régime Xurídico das Entidades Locais, o grupo municipal do PSdeG-PSOE deseja someter á consideración do Pleno da Corporación Municipal de Silleda a seguinte MOCIÓN para o APOIO ÁS PROPOSTAS FISCAIS DE

## CARA A UNHA TRIBUTACIÓN XUSTA DOS/AS EMIGRANTES RETORNADOS:

Visto o escrito presentado pola Federación Española de Asociaciones de Emigrantes Retornados (FEAFER) no que se recollen unha serie de propostas fiscais para unha tributación xusta dos emigrantes que retornan, o PSdeG-PSOE propón a aprobación da presente moción en base á seguinte **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**, coa proposta da FEAVER que se transcribe literalmente:

Unha vez finalizado o proceso recollido na Disposición Adicional Única sobre a regularización de débedas tributarias correspondentes a pensións procedentes do extranxeiro e condonación das sancións, recargos e intereses liquidados por este concepto, detectamos numerosos erros que advertíramos desde un principio e que desgraciadamente nunca se subsanaron.

A FEAVER non pide ningún trato de favor ou privilexio, simplemente solicita que se teña en conta a singularidade deste colectivo, os beneficios que a emigración reporta ao noso país e que se repare no posible o dano feito ao retorno.

Con todo isto a FEAVER propón:

-Unha tributación apropiada da renda dos emigrantes retornados atendendo á orixe das mesmas e a súa connotación histórica, tendo en conta que son pensións extranjeiras que se xeran no exterior e revirten na economía nacional.

-A AEAT debe asumir con carácter xeral as sentenzas dos Tribunais Superiores de Xustiza que dan como exentas as rentas procedentes dos organismos de pensións alemanas, respetando os convenios bilaterais e procedendo á devolución de oficio das cantidades recaudadas por este concepto.

-Establecer os mecanismos necesarios para a homologación ou convalidación das pensións de invalidez provintes de países extranjeiros e o recoñecemento automático das mesmas por parte da Administración española.

-Conceder unhas medidas de aprazamento extraordinario acorde ao proceso de regularización que se levou a cabo, anulando os intereses xerados por eses fraccionamentos. Na maioría dos casos a AEAT non respetou un mínimo vital de supervivencia.

-A devolución de oficio das sancións e recargos aplicados inxustamente que non foron reclamadas polos retornados, cantidade que según a AEAT se eleva a 7 millóns de euros.

-A devolución de oficio das cantidades derivadas do período de regularización ata o ano 2012 incluído. Entendemos que o Goberno asumiun un erro ao establecer este período voluntario e por tal motivo tería que anular o efecto retroactivo que contempla a Lei Fiscal.

Por todo o exposto por parte da FEAVER, o PSdeG-PSOE de Silleda propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

-Dar traslado das propostas da FEAVER anteriormente reseñadas, ao Goberno do Estado e ao Consello de Ministros

-Comunicar a adopción deste acordo á Asociación Provincial de Emigrantes Retornados.

En Silleda, a 6 de novembro de 2015. A voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE Asdo. Ana Luisa González Costa Silleda, 20 de novembro de 2015.

**VOTACION:** Se aproba a moción por unanimidade.

---

## 8.6 .- MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE SILLEDA CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

En Silleda a 18 de Novembro de 2015

De acordo e ao amparo do previsto no Reglamento de Organización, Funcionamento e Régime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Silleda desexa someter á consideración do Pleno Municipal a seguinte

**MOCIÓN:**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Ao redor de 800 mulleres foron asasinadas en España polas súas parellas ou ex parellas desde o ano 2003, cando comenzaron a recompilarse estatísticas oficiais. Unha violencia ante a que non queremos permanecer impasibles porque para o PSOE, a igualdade entre mulleres e homes é un principio fundamental.

O noso compromiso contra a violencia de xénero é firme. Foi un goberno socialista o que aprobou a Lei Orgánica de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero que supuxo un revulsivo respecto de a violencia de xénero en todos os seus aspectos e que se consolidou como modelo internacional. Unha lei recoñecida e premiada e que establece un sólido e completo marco legal para a prevención, protección, persecución e castigo da violencia por parte do compaño ou ex compaño sentimental. Unha lei que desenvolvemos e puxemos en marcha durante os anos de goberno.

O noso compromiso contra a violencia de xénero é permanente. Así, o 25 de novembro de 2014, ratificámolo declarando a toda a organización e todas e cada unha das súas agrupacións como Espazo seguro e libre de violencia de xénero. Este verán, na Declaración do Consello Político Federal do 13 de xullo, a Declaración de Sevilla, volvémonos/volvémossos a comprometer cunha declaración na que se anunciaba que todos os nosos gobernos autonómicos priorizarán a loita contra a violencia de xénero cos orzamentos adecuados, políticas de prevención e recursos suficientes para a protección das mulleres vítimas e dos seus fillos e fillas.

No Foro de alcaldes e alcaldezas de Madrid do 23 de xuño, os concellos socialistas ratificaron o cumprimento de seis compromisos adquiridos coa ciudadanía e por iso declararon que é un reto de obrigado cumprimento erradicar a violencia de xénero dos nosos municipios. Neses seis prioridades subliñaron a contundencia dos concellos socialistas nas medidas contra a violencia de xénero e no desenvolvemento dunha rede de atención, asistencia e protección social que garanta ás mulleres en situación de violencia a súa seguridade e dereito a rehacer as súas vidas.

Unha sociedade decente esixe avanzar cara a unha sociedade segura e libre de violencia de xénero, que garanta unha resposta efectiva ás mulleres que sufren violencia así como aos seus fillos e fillas.

Por todas estas razóns, un ano máis, atendemos ao chamamento de Nacións Unidas de conmemorar o 25 de novembro como Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as mulleres, e ratificamos o noso compromiso explícito de rexitamento da violencia de xénero, ratificamos o noso compromiso de traballar ata conseguir o seu erradicación. Temos a convicción de que a tolerancia cero á violencia contra as mulleres debe ser un valor da sociedade no seu conxunto. É o noso compromiso, son os nosos valores.

Este ano, ante unha cita electoral, queremos denunciar unha legislatura que termina e na que o goberno do PP cos seus recortes e retrocesos ha malogrado catro anos da vida das mulleres vítimas, dos seus fillos e fillas. Como sociedade fixéronnos perder moito tempo. E en igualdade, todo o que non se avanza retrocedese. Ademais das modificacións legais contrarias á igualdade, os orzamentos do PP ao longo desta legislatura evidencian a escasa atención prestada polo goberno popular á violencia de xénero, cuestión que debería estar permanentemente na axenda política e sinalada como unha das cuestións de Estado prioritarias.

Así, o programa contra a Violencia de Xénero baixa o 10,92% respecto de 2009. O gasto para o programa específico en prevención da violencia de xénero para 2016 aumenta o 6% e ascende a 25.2 millóns de euros, o que queda lonxe dos 34,3 millóns cos que contaba en 2010. É dicir, a pesar do aumento que introduciron nuns orzamentos aprobados en vésperas das eleccións xerais, nin sequera conseguén igualar as cifras de fai catro anos. O orzamento para igualdade e violencia para 2016 representa o 0,0103% do total. Ao que hai que engadir que só hai dous millóns de euros nos Orzamentos para 2016 destinados á atención ás vítimas de trata.

É tempo de solicións. No PSOE queremos consolidar un gran Acordo contra a violencia de xénero que ofrecemos a todas as forzas políticas. Unha sociedade decente esixe avanzar cara a unha sociedade segura e libre de violencia de xénero, que garanta unha resposta efectiva ás mulleres que sufren violencia así como aos seus fillos e fillas xerando e ofrecendo os mecanismos necesarios para consegui-lo.

En primeiro lugar, hai que repoñer e dotar suficientemente as partidas orzamentarias, que se viñeron recortando nos últimos anos, especialmente os recursos destinados á prevención e á asistencia social das vítimas de violencia de xénero, dependentes tanto das Comunidades Autónomas, como dos servizos de proximidade dos concellos. Recursos que tamén creemos necesario que aumenten nos servizos máis próximos polo que é importante crear un fondo de apoio aos concellos que alcance progresivamente nun prazo de catro anos os 100 millóns de euros para dar reforzo á rede de servizos públicos, impulsando o papel que desempeñan e deben seguir desempeñando os servizos sociais municipais e os centros da Muller.

Ademais dos orzamentos, un dos maiores problemas aos que nos enfrentamos na loita contra a violencia de xénero nestes momentos está relacionado coa xustiza. O número de denuncias é insuficiente. Todos os estudos indicánnos que só se denuncia aproximadamente o 30% da violencia de xénero polo que o 70% queda impune. Temos que loitar contra esa impunitude e temos que conseguir que as vítimas teñan confianza na xustiza, que esteán protexidas e que non teman perder aos seus fillos e fillas, que non teman sair elas denunciadas, que non teman comezar un periplo sen saída nin final.

Por iso no Acordo que propoñemos, subliñamos a necesidade de poñer en marcha nos Xulgados Especializados en Violencia de Xénero o Acompañamiento Xudicial Personalizado para facer accesible a información ás mulleres vítimas de violencia de xénero sobre o itinerario e procedemento máis seguro no seu percorrido xudicial, desde o momento no que poñen a denuncia ata o final do proceso. Así tamén é importante o establecemento de protocolos de intervención específicos para a atención integral ás mulleres que retiraron a denuncia por violencia de xénero. Fai falta moito valor, moito coraxe para saír da violencia, para denunciar ao maltratador, para facerlle frente, cada retirada de denuncia é un fracaso da xustiza. Cada denuncia retirada é un éxito do maltratador na súa estratexia do medo, da coacción, da ameaza. A impunitude é gasolina para o motor da violencia que hai que eliminar.

Sabemos que a violencia de xénero é un fenómeno complexo xa que logo, quen se confronta a el teñen que estar especializados e recibir unha formación completa e rigorosa. Sabemos que existen fallos na percepción do risco e nos informes psicosociales. Sabemos que en numerosas ocasións se revictimiza ás mulleres polo que é necesaria a obligatoriedad de formación específica na materia, impartida por unha institución acreditada previamente a ocupar o seu posto, tanto dos maxistrados á fronte de órgano jurisdiccional especializado, como de avogados, forenses e equipos psicosociales que interveñan nos xulgados especializados de violencia de xénero.

A educación é outra das nosas preocupacións. Si non rompemos os ciclos, a violencia de xénero pasará de xeración en xeración polo que é materia do Acordo tanto o Plan Nacional de Sensibilización e Prevención da Violencia de Xénero como o Plan integral para previr, protexer e reparar o dano a menores vítimas de violencia de xénero e especialmente, a incorporación ao currículum en todas as etapas educativas a formación específica en Igualdade, educación afectivo- sexual e de prevención da violencia de xénero.

Para rematar, tal como recomendaron tanto a CEDAW como Convenio do Consello de Europa sobre Prevención e Loita contra a Violencia contra a Muller e a Violencia Doméstica, estamos convencidos de que é o momento de ampliar a Lei Integral contra a violencia de xénero de maneira que esteán recolleitas nela todas as manifestacións de devandita violencia e non exclusivamente as que se producen en relacións de parella como ocorre neste momento.

**Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista no Concello de Silleda somete a votación a seguinte  
MOCIÓN para aprobar os seguintes ACORDOS e Esixencias dirixidas ao Goberno de España:**

## **ACORDOS**

Este Concello dedica un sentido e doloroso recodo á memoria de todas as mulleres asasinadas por violencia de xénero e expresa os seus condolencias ás súas familias e amizades. Tamén, a todos os menores, aos fillos e as fillas dos maltratadores, vítimas á súa vez desta violencia, vítimas mortais incluso, convertidas en último exercicio de vinganza contra as súas nais.

De igual xeito, manifesta o seu repulsa a todas as manifestacíons de devandita violencia, redobla o seu compromiso coas vítimas e declara a tolerancia cero cos maltratadores.

Este Concello comprométese a non reducir nin recursos, nin servizos, nin orzamentos para combater a Violencia de Xénero así como a:

1. Reclamar que os Concellos e entes locais recuperen expresamente as competencias en Igualdade e Violencia de xénero, coa consiguiente dotación presupuestaria suficiente, igual que o resto das Administracións Públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, co obxecto de aplicar no seu integridad e de forma eficaz a Lei Orgánica 1/2004, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero.

2. Declararse municipio libre de violencia de xénero. Para iso, este municipio garantirá unha rede de atención social ás mulleres ensituación de violencia e que lles axudará a buscar alternativas para recuperarsu vida (dereitos laborais, políticas de formación, apoio ao emprego, vivenda, axudas sociais). En devandita rede estarán incluídos os servizos de protección, información, asesoramiento, acompañamiento e acolleita paramujeres en situación de violencia de xénero, os seus fillos e as súas fillas.

Este Concello esixe ao Goberno estatal que:

1º Repoña e dote suficientemente as partidas presupuestarias, que se viñeron recortando nos últimos anos, especialmente os recursos destinados á prevención e á asistencia social das vítimas de violencia de xénero, dependentes tanto das Comunidades Autónomas, como dos servizos de proximidade dos concellos.

2º Estipule un fondo de apoio aos concellos para dar reforzo á rede de servizos públicos, impulsando o papel que desempeñan e deben seguir desempeñando os servizos sociais municipais e centros da Muller para o desenvolvemento e cumprimento da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero e a Lei Orgánica 8/2015, de 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.

3º Poña en marcha, nos Xulgados Especializados en Violencia de Xénero, do Acompañamento Xudicial Personalizado para facer accesible a información ás mulleres vítimas de violencia de xénero sobre o itinerario e procedemento máis seguro, no seu percorrido xudicial desde o momento no que poñen a denuncia ata o final do proceso.

4º Estableza protocolos de intervención específicos para a atención integral ás mulleres que retiraron a denuncia por violencia de xénero.

5º Active de forma permanente o Plan Nacional de Sensibilización e Prevención da de Xénero.

6º Incorpore ao currículo a formación específica en Igualdade, educación afectivo- sexual e de prevención da violencia de xénero en todas as etapas educativas.

7º Poña en marcha un Plan integral para previr, protexer e reparar o dano a menores vítimas de violencia de xénero.

8º Estipule a obligatoriedad de que tanto os maxistrados á fronte de órgano xurisdiccional especializado, como avogados, forenses e equipos psicosociales que interveñan nos xulgados especializados de violencia de xénero teñan certificado, previamente a ocupar o seu posto, formación específica na materia impartida por unha institución acreditada.

9º Amplie as disposicións preventivas, procesais, punitivas e protectoras da lei de 2004 para abrancar, coas adaptacións necesarias, todas as formas de violencia contra a muller, tal como esixe a Recomendación Xeral nº 19 da CEDAW e o Convenio do Consello de Europa sobre Prevención e Loita contra a Violencia contra a Muller e a Violencia Doméstica (Convenio de Estambul), que España ratificou.

Silleda, 18 de novembro de 2015. Fdo. Ana Luisa González Costa. Portavoz do Grupo Municipal Socialista

**VOTACION:** Se aproba a moción por unanimidade.

---

8.7.- Matias Rodríguez da Torre, Concelleiro do BNG acreditado no Concello de Silleda presenta para o seu debate e votación en sesión plenaria a seguinte **Moción a prol dunha Ordenanza de Normalización Lingüística**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Sendo o galego lingua propia de Galiza e tendo a obriga dos poderes públicos de potenciala nos diferentes ámbitos de uso, achamos a impostantísima responsabilidade que a administración local ten sobre o asunto, pois ser amáis estreitamente ligados ás e aos cidadáns. É polo que se fai necesario nun Concello como o de Silleda ter unha ordenanza de normalización lingüística que marque a pauta a seguir con respecto ao cumprimento da legalidade vixente e a auténtica defensa dos dereitos lingüísticos do galego e súa promoción e difusión pública. Oeste xeito, desde o BNG preséntase xunta unha proposta de Ordenanza de Normalización Lingüística para o seu debate e estimación.

A carencia desta ordenanza por parte dun Concello coma o de Silleda (cunha porcentaxe de falantes estimada en 2011 do 76,65%, que vai diminuíndo nos últimos anos), que de non ter nin tan sequera concellarías desta área, pasou a telas, mais non efectivizar o seu traballo normalizador, fai que se incumpran a nivel municipal cuestiōns tan básicas coma o uso da toponimia histórica e legal, ou non se proceda a promover o uso da lingua en todos os ámbitos e sectores, desde a administración até o mundo laboral e a empresa privada, o que favorecería a todas lumes o uso da lingua propia do País e mesmo beneficiando aos seus usuari@s e, sobre todo, tentando parar a perda de galegofalantes iniciais.

Por isto, solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

#### **ACORDO**

1. Debater no seo da Corporación Municipal unha ordenanza de normalización lingüística consensuada (da que e xunta un borrador) coa intención de aprobala no vindeiro Pleno Ordinario.

Asdo./ Matías Rodríguez da Torre

#### **PROPOSTA DE ORDENANZA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO CONCELLO DE SILLEDA**

#### **PREÁMBULO**

A principal manifestación da identidade cultural dun país é a súa lingua. O galego, lingua propia de Galiza, é o máximo expoñente da nosa identidade como comunidade diferenciada. A lingua qaleqa, no decorrer da súa historial coñeceu períodos de "normalidade", sendo lingua de uso común en todos os ámbitos. A historia móstranos como na segunda metade do século XIII, organismos civís, gremios, contrarlas, mosteiros e conventos teñen no galego a súa lingua vehicular, e mesmo se traducen do castelán os códigos civís chegados dos territorios lingüísticos casteláns. É a partir de finais do século XIV cando comeza a progresiva substitución do galego polo castelán nos contextos formais anteditos, manténdose, porén, o galego como lingua oral. Houbo que agardar ate o século XVIII para que aparecesen as primeiras voces que reclamaban a restitución do uso do galego en todos os ámbitos. Estes xermelos florecen durante oséculo XIX e dan os seus froitos más vizosos no Estatuto de Autonomía de 1936; primeira normativa legal que recoñece a oficialidade do galego. A sublevación fascista malogrou a aplicación desta lexislación.

Coa instauración dun novo marco democrático no Estado español, mellóranse as condicións para ir avanzando na normalización da nosa lingua. A Constitución española de 1978 proclama "a vontade de protexer a todos os españois e pobos de España no exercicio dos dereitos humanos, as súas culturas, tradicións, linguas e institucións", establecendo no artigo 3.2 que as linguas do Estado diferentes ao castelán serán oficiais nas súas respectivas comunidades, de acordo con cada Estatuto. A promulgación do Estatuto de Autonomía de Galiza en 1981 proclama a lingua galega como oficial de Galiza, na súa calidade de lingua propia desta terra, e desenvolve ainda máis este precepto ao encomendarles aos poderes públicos de Galicia que garantan o uso normal e oficial da lingua galega -xuntamente coa castelá- e potencien o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, acrecentando que "disporán dos medios necesarios para facilitar o seu coñecemento" (art. 5.3 E.A.G). A proclamación da oficialidade da lingua galega impón unha serie de obrigas aos poderes públicos autonómicos. Estes han de utilizala como lingua de uso normal de comunicación entre eles e nas súas relacións coa ciudadanía. Ao mesmo tempo, as cidadás e os cidadáns adquieren unha serie de dereitos lingüísticos que han de ser respectados pola Administración, para o que esta ha de estar en disposición de traballar en igualdade nunha e noutra lingua oficial de Galicia (galego e castelán). A Lei de normalización lingüística (15 de xuño de 1983) desenvolve ainda máis este mandato estatutario. A Xunta ditará as disposicións necesarias para a normalización progresiva do uso do galego. As corporacións locais deberán facelo de acordo coas normas recollidas nesta Lei (art. 6.4). Con posterioridade á promulgación desta Lei, fórone aprobando ordes e decretos que veñen complementar o marco legal e van no camiño de colaborar na recuperación plena do uso do idioma galego nos diferentes ámbitos. É especialmente salientábel neste camiño a Lei 5/1988, de Uso do Galego como Lingua Oficial polas Entidades Locais.

En Galiza, onde a inmensa maioría da poboación fala ou entende a súa lingua, as Corporacións Locais poden e deben desenvolver accións encamiñadas a recuperaren o uso do noso idioma para os usos administrativos. O papel que xogan os concellos resulta de grande relevancia en calquera proxecto oficial que busque unha grande efectividade social, por seren institucións de enorme espallamento e as más próximas ás cidadás e aos cidadáns. A lingua galega precisa o recoñecemento oficial previsto nas leis para que os complexos lingüísticos presentes na nosa sociedade desaparezan. É preciso, pois, que os rexedores municipais, en primeiro lugar, corrixe os hábitos lingüísticos existentes de predominio totalmente desequilibrado da lingua castelá. Por considerarmos que as razóns expostas abondan para mudar as actitudes lingüísticas e dotar ao Concello de Silleda dunha Ordenanza de Normalización lingüística.

## CAPÍTULO I

### Artigo 1

- O galego, lingua propia de Galiza, é tamén a lingua propia do Concello de Silleda, sendo ademais o idioma de uso normal en todas as súas actividades.
- En consecuencia, o galego será o idioma oficial do Concello de Silleda, como tamén o castelán, lingua oficial en todo o Estado.
- A ciudadanía ten dereito a ser atendida e obter copia ou recibir notificacións da documentación municipal no idioma oficial da súa elección.
- Sempre que neste documento apareza a denominación Concello de Silleda ten que entenderse que se está a referir tamén a todas as unidades funcionais que o compoñen.

### Artigo 2

O Concello de Silleda empregará normalmente o galego nas súas actuacións administrativas internas, nas relacións coa ciudadanía e coas entidades públicas situadas en Galiza.  
Nas relacións coas persoas ou entidades radicadas fóra do territorio da nosa Comunidade Autónoma, o Concello empregará normalmente o castelán.

## CAPÍTULO II

### Resolucións e documentación administrativa

### Artigo 3

Serán redactadas en galego:

- As convocatorias de sesións de todos os órganos colegiados da Corporación e nomeadamente as do Pleno, Comisións de Goberno, Comisións Informativas, Consellos Sectoriais e Tribunais de oposicións e concursos.

- As actas das sesións dos anteditos órganos municipais .
- As resolución s do/a alcalde/sa, dos/as concelleiros/as e o seu Libro de Rexistro.

#### **Artigo 4**

A documentación administrativa que dea lugar á adopción dos acordos e resolucións referidos no artigo anterior tamén será redactada e tramitada en galego, idioma no que se elaborarán os modelos de documentación e impresos. A Administración facilitará modelos en castelán a quen así o demandase.

#### **Artigo 5**

Os documentos contractuais subscritos polo Concello serán redactados en galego.

Se a outra parte contratante tivese un negocio deberá producir efecto fóra da Comunidade Autónoma, tamén será redactado en castelán.

#### **Artigo 6**

Redactaranse en galego os documentos académicos, de xestión de persoal, informes, documentos contábeis e de xestión xeral, así como os oficios, citacións, convites, etc.

#### **Artigo 7**

Nos rexistros administrativos do Concello de Silleda os asentos faranse en galego, sen prexuízo do que para os rexistros públicos establece o artigo 9 da Lei 3/1983.

### **CAPÍTULO III**

#### **Atención ao público**

#### **Artigo 8**

Os servizos da oficina de información e demais unidades administrativas que teñan unha relación co público máis intensa, promocionarán o uso do idioma galego mediante a súa utilización como lingua normal de comunicación, de acordo cos criterios de máximo respecto e non discriminación.

O disposto no presente artigo tamén é de aplicación ás empresas ou entidades que presten servizos públicos municipais por concesión, arrendamento ou concerto.

### **CAPÍTULO IV**

#### **Relación coas empresas privadas**

#### **Artigo 9**

Os estudos, proxectos e traballos semellantes que o Concello encomende a terceiros dentro do ámbito territorial galego terán que ser redactados en galego.

As empresas adjudicatarias ou concesionarias, cando actúen por conta deste Concello, así como as de explotación mixta en que sexa parte o Concello, usarán normalmente o galego, nos mesmos termos que para o propio Concello dispón a presente ordenanza. O Concello terá especial preocupación para que a nivel interno e nas actividades en que participe --convenios, consorcios-, sexan aplicados os principios aquí establecidos.

### **CAPÍTULO V**

#### **Anuncios e publicacións**

#### **Artigo 10**

Redactaranse en galego os anuncios oficiais da Corporación que se publiquen no BOP, DOGA ou calquera medio de comunicación radicado na nosa Comunidade Autónoma.

A publicidade farase en versión bilingüe cando vaya dirixida fóra do ámbito lingüístico galego.

#### **Artigo 11**

As publicacións editadas polo Concello, teñan ou non carácter periódico, e as campañas de divulgación e publicidade realizaranse en lingua galega.

#### **Artigo 12**

Os cargos públicos do Concello expresaranse normalmente en galego nos actos públicos celebrados en Galiza, sempre que a intervención sexa por razón do seu propio cargo.

### **CAPÍTULO VI**

#### **Topónimos, sinalización e rótulos**

#### **Artigo 13**

Consonte co que dispón o artigo 10 da Lei 3/1983 de normalización lingüística, a única forma oficial dos topónimos do territorio municipal do Concello de Silleda é a galega, ao igual que a dos demás topónimos de Galiza.

#### **Artigo 14**

Os rótulos e sinalización da Casa do Concello, dos outros edificios e servizos públicos e da rede viaria municipal redactaranse en lingua galega. Cando o interese xeral así o requira os sinais informativos tamén se redactarán noutros idiomas.

## CAPÍTULO VII Pessoal ao servizo da Corporación

### Artigo 15

A declaración de cooficialidade do idioma galego esixe que todo o persoal ao servizo da Corporación estea en condicións de empregalo nos dous niveis, oral e escrito, en igualdade co castelán e de acordo coa natureza do seu posto de traballo.  
O persoal de atención pública do Concello, dirixirse á cidadanía en galego, agás nos casos que se solicite a atención en castelán.

## CAPÍTULO VIII Relación con outras Administracións

### Artigo 16

As actuacións realizadas polo Concello perante os órganos de xustiza sitas fóra do territorio galego farase nas dúas linguas, indicando en todo caso que a tradución ao castelán parte dun orixinal en galego, consignándose sempre por escrito o cumprimento do artigo 7.2 da Lei 3/1983, de normalización lingüística, referente á utilización da lingua galega por parte da Administración de Xustiza.

## CAPÍTULO IX Impulso da Lei de Normalización Lingüística

### Artigo 17

Ademais da aprobación deste regulamento, e até non se acadar o obxectivo do uso normal da lingua galega, compre prever accións que permitan facer un seguimento e unha avaliación da aplicación do mesmo, no marco xeral do proceso de normalización lingüística na Administración Municipal de Silleda.  
Crearase unha comisión de seguimento que se reunirá como mínimo con carácter anual na que estaran representados o Concello, a través da persoa responsábel da área de Normalización Lingüística e representantes do persoal.

### Artigo 18

A dinamización lingüística promove e apoia actuacións que favorezan a normalización do galego no Concello de Silleda, mediante a difusión de material terminolóxico de apoio ao ensino, comercio, mocidade, sanidade, os ámbitos empresarial, socio-cultural e deportivo ... e en xeral a toda a sociedade, deseño de campañas propagandísticas de normalización, etc. As citadas actuacións respectarán en todo caso o marco competencial da Comunidade Autónoma de Galiza.

Silleda, novembro de 2015

VOTACION: Se aproba a moción por unanimidade.

-----  
Silleda, 25 de novembro de 2015

8.8.- Matías Rodríguez da Torre, concelleiro acreditado do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Silleda, a proposta da asociación xuvenil Galiza Nova e ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno, relativa á a SITUACIÓN DO DESEMPREGO E EMIGRACIÓN XUVENIL E MEDIDAS PARA COMBATELAS

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Nos últimos anos vivimos a dramática situación da precariedade laboral, desemprego e emigración xuvenil da mocidade galega. Segundo os últimos datos publicados polo Instituto Galego de Estatística (IGE) e a Enquisa de Poboación Activa (EPA), actualmente na Galiza o 55,8% das persoas mozas non teñen traballo, case o 60% dos contratos á mocidade son de carácter temporal, con contratos por días e mesmo por horas (no 1º trimestre do 2015 había 3.500 persoas con contrato temporal dun só día, un 133% máis que no 1º trimestre de 2010). En 2014 emigraron da Galiza 30.154 persoas, 4 de cada 10 tiñan entre 16 e 34 anos. A emigración na Galiza desde 2009 (ano da chegada ao goberno de Núñez Feijóo) suma máis de 147.200 persoas que marcharon, a maioría delas son mozas. Mentre, a poboación galega traballa máis horas ao mes que a media española, mais os salarios na Galiza caeron en setembro un 2,2%, mentres en España soben.

As rnuíleras galegas, e en maior medida as mozas, padecen taxas máis elevadas de temporalidade e precariedade, con salarios más baixos por igual ou más traballo.

Ademais, as sucesivas reformas laborais dos gobemos españois consolidaron o traballo temporal, a esmola por salario e contratos en prácticas até o 30 anos, facendo que a nosa mocidade estea na práctica pagando por poder traballar.

Ao abeiro destes datos, faise necesario, polo tanto, unha aposta rigorosa para o fomento do emprego digno destinado á mocidade, que posibilite condicións favorábeis para a creación de postos de traballo, co obxectivo de evitar a fuga de persoas novas e posibilitar o regreso da rnocidade emigrada nos últimos anos.

Por estes motivos, o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego presenta a consideración do Pleno da Corporación municipal de Silleda as seguintes propostas:

#### ACORDO

1.- O Concello de Silleda elaborará un plan de emprego municipal 'do emprego digno destinado á mocidade en coordinación con outras administracións e axentes sociais,' co cbxectivo de parar a emigración xuvenil e posibilitar o regreso das persoas mozas que emigraron nos últimos anos e, en definitiva, pór en marcha medidas (XÚNTANSE DE SEGUIDO) dirixidas á creación de emprego digno no concello e na comarca para a mocidade.

#### MEDIDAS

- Impulsar a creación dunha rede municipal *elou* comarcal de empregabilidade para xente moza. Coordinación co Servizo Público de Emprego na xestión das ofertas de traballo, evitando que sexan as ETT's as que xestionen a oferta laboral.
- Potenciar as industrias vinculadas á lingua e cultura nacionais, que ademais de ser os valores más representativos da nosa identidade nacional, crean valor engadido e polo tanto emprego xa que veñen dando mostras nos últimos anos dun grande dinamismo. A convocatoria de premios, bolsas e certames son instrumentos que se poden雇regar para isto.
- Levar a cabo a creación de bolsas destinadas a titulad@s superiores, para executar proxectos de especialización, exportación e innovación da economía local.
- Apoiar proxectos emprendedores de xente moza a través do acompañamento do desenvolvemento desde o inicio, creando espazos gratuitos de *coworking* para a mocidade, onde convivan diversas culturas profesionais coas que obter sinerxias.
- Crear un servizo de seguimento da mocidade desempregada, coa finalidade de garantir e procurar a súa introdución no emprego.
- Actuacións na liña de dar saídas laborais acaídas á realidade socioeconómica, garantindo o mantemento da poboación en espazos rurais.
- Axudar ao desenvolvemento de proxectos e iniciativas de mocidade para a creación *elou* mantemento de explotacións agro-gandeiras e de agricultura ecolóxica, e favorecer aqueles proxectos libres de transxénicos.

Asdo./ Matías Rodríguez da Torre

VOTACION: Se aproba a moción por unanimidade.

---

**9º.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DOS MESES ANTERIORES.**

Dáse conta.

**10º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

**INTERVENCIONS: ..., no anexo**

E non habendo mais asuntos que tratar se levanta a sesión as 13-25 horas do 26 de Novembro de 2015, do que, eu, o Secretario, dou fe, facendo constar que, a continuación, se incorpora un ANEXO, que forma parte integrante de esta Acta, fórmula usada pola extensión dos textos e porque non afecta ao desenvolvemento e trámites posteriores legalmente esixibles.



Silleda a 26 de Novembro de 2015.



